



## ANUNCIO

**Expediente: 2022/E001/000011**

**Asunto: Nomeamento dun socorrista para o servizo de salvamento e socorrismo acuático nas praias do Concello de Valdoviño a través do INEM.**

Por decreto de Alcaldía núm. 394/2022 de data 28.07.22, resolveuse o nomeamento da contratación laboral temporal de un socorrista a través do INEM; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

### DECRETO DA ALCALDIA PRESIDENCIA

**“Expte. Administrativo: 2022/E001/000011**

**Asunto: Nomeamento de 33 socorristas (un deles coordinador) para o servizo de salvamento e socorrismo acuático nas praias do Concello de Valdoviño.**

O Concello de Valdoviño tramitou expediente para contratación laboral temporal de 33

O Concello de Valdoviño tramitou expediente para contratación laboral temporal de 33 socorristas (un deles coordinador) para o servizo de salvamento e socorrismo acuático nas praias de Valdoviño, na tempada estival 2022, a través de oposición libre (Expte. 2022/E001/000009).

Visto que non se cubriron as prazas ofertadas, vólvese a ofertar outro procedemento de selección de persoal laboral para as praias de Valdoviño a través do INEM. Despois da providencia de Alcaldía expresando a necesidade de prestar este servizo, o alcalde mediante decreto nº 273/2022 de data 10.06.2022 aproba a convocatoria e bases da antedita selección.

Recibido o curricullums vitae a través do INEM de don Diego Martinez Rivas convócaselle mediante decreto 392/2022 de data 27.07.2022 para o desenvolvemento da proba física o xoves 28.07.2022 na praia da Frouxerira, Valdoviño, ás 11 horas que consistiu nun circuito dunha distancia total de 50 metros na area.

Vista o acta da dita reunión con proposta para a contratación efectuada ao órgano de contratación.

Esta Alcaldía visto o expediente tramitado, coa documentación que contén, en virtude das facultades que ten outorgadas no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985 de 2 de abril, e normativa concordante na materia, RESOLVE:

**PRIMEIRO.**- Tomar razón e aceptar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador na súa sesión do 28 de xullo, efectuando a contratación que figura na mesma, e que ten o seguinte contido:

**“Primeiro.-** Dar conta do aprobado ao candidato presentado por ter realizada a proba dentro do tempo outorgado e dentro da súa discrecionalidade técnica acorda non establecer puntuacións considerando que elo non vulnera o establecido nas bases nin establece ningún tipo de diferenza para a contratación. Non obstante publicarase so resultado da proba co tempo de realización para información do interesado; elevando a alcaldía este resultado.

**Segundo.- PROPOÑER** ao sr Alcalde a contratación do aspirante para o posto de socorrista, como contratado laboral temporal no tempo e forma especificada na base 1 da convocatoria para vixilancia, salvamento e socorrismo acuático en praias de Valdoviño:

- MARTINEZ RIVAS, DIEGO

**Terceiro.-** Elevar a presente acta ao sr. Alcalde, e dado que non se cubriu o número de prazas previstas no proceso selectivo que nos ocupa por insuficiencia de solicitudes presentadas, poñer esta circunstancia en coñecemento do órgano de selección para a adopción de medidas que poida considerar precisas...”

**SEGUNDO.-** O persoal contratado cumprirá as súas obrigas en materia de vixilancia, salvamento e socorrismo acuático cubrindo as necesidades de dito servizo e en consonancia coa concellería de servizos e/ou deportes, segundo corresponda en todo intre estando en contacto permanente coa mesma en aras dunha boa prestación do servizo.

O servizo prestarase no período que se establece na base 1º da convocatoria dende a data da firma do contrato ata o 11 de setembro de 2022 inclusive.

As retribucións e demais aspectos referentes á contratación axustaranse ao estipulado nas bases da convocatoria.

**TERCEIRO.-** De conformidade coa base 10º.- Formalización dos contratos os aspirantes presentarán previamente á sinatura do mesmo a documentación indicada en dita base.

**CUARTO.-** Dése traslado do presente decreto á área de secretaria, área de intervención e de tesoureiría aos efectos de levar a cabo a contratación e seguimento do expediente.

**QUINTO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación en sesión ordinaria que celebre.

*ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE NA DATA DA SINATURA Á MAR”*

O que se publica para xeral coñecemento.

En Valdoviño, asinado na data da sinatura

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ/

CVD: pvtMmckagMpqonKgKD/  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

